

1.1- IDENTIFICACIÓN

Título da U.D.I.:	XOGANDO CO CORPO				
Áreas traballadas:	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Nivel:	ESO	Curso:	3º
Mestres/as implicados/as:	BELÉN PÉREZ PÉREZ				

1.2- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN

O alumnado elaborará un xogo de mesa sobre o corpo humano. O xogo incluírá cuestións sobre anatomía e fisioloxía, así como coas enfermidades relacionadas aos diferentes aparellos e sistemas do corpo. O proxecto permitirá traballar unha gran parte dos contidos e estándares de aprendizaxe presentes no Real Decreto de Educación Secundaria para o terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria. Estes abordaranse a través da aprendizaxe cooperativa polo que ao mesmo tempo estarase a formar ao alumnado no traballo en equipo e a fomentar a súa autonomía e responsabilidade. Os grupos de 3º ESO cos que se traballará esta UDI, tres en total, son moi heteroxéneos. Nos grupos atopamos alumnado nativo e inmigrante, do medio rural e urbano e de diferentes estratos sociais. Cada grupo está formado por 19-20 alumnos e alumnas que presentan diferencias en canto ao seu nivel de competencia curricular, autonomía e motivación. Ademais, inclúen alumnado con necesidades educativas especiais e nivel competencial de diferentes cursos de educación primaria. Antes de comezar a UDI, faráselle ao alumnado un test de Intelixencias Múltiples para que cada alumno/a poida coñecer cales son as súas fortalezas e para empregar este dato na elaboración dos equipos de traballo por parte da docente. Os equipos de traballo estarán formados por catro alumnos/as e será heteroxéneos en canto a capacidade curriculares do alumnado e sexo, pero homoxéneos en canto as intelixencias nas que destaquen e que permitirán a cada alumno/a utilizar as súas mellores habilidades como base da súa aprendizaxe.

1.3.- TEMPORALIZACIÓN E RELACIÓN CON OUTRAS U.D.I.

Esta UDI desenvolverase no contexto educativo. O proxecto realizarase no segundo trimestre. Adicaranse as dúas horas semanais de que dispón a asignatura ao longo dos meses de xaneiro, febreiro e marzo.

2.- CONCRECIÓN CURRICULAR

Os diferentes elementos do currículo (contidos, estándares e criterios) son indicados coa **nomenclatura e numeración indicada no currículo de Educación Secundaria** publicado no decreto 86/2015 - DOG 29/06/2015

2.1.- TAREFA 1

Explicación do produto final: (socialmente relevante)	O alumnado creará un xogo de mesa. O xogo consistirá na realización dun percorrido ao longo do cal os xogadores deberán responder a cuestións sobre anatomía e fisioloxía humanas, en concreto, sobre os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio, excretor e reprodutores e os sistemas nervioso, endocrino, esquelético e muscular. Tamén deberá responder cuestión sobre as enfermidades e realizar probas relacionadas con estes aparellos e sistemas. O alumnado realizará o deseño da estratexia de xogo, a determinación das regras de xogo e confección das tarxetas. Finalmente, organizarase unha competición por equipos aberta á participación de toda a comunidade educativa. A competición será unha excelente práctica social relevante.						
Competencias clave:	X	X		X	X	X	
	CL: Comunicación lingüística	CMCT: Matemática, ciencia e tecnoloxía	CD: Dixital	CAA: Aprender a aprender	CSC: Sociais e cívicas	CSIE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	CCEC: Conciencia e expresións culturais

2.2.- TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN DA TAREFA 1

Actividade 1	Exercicio 1.1	Exercicio 1.2	Exercicio 1.3	Exercicio 1.4
Descrición:	Descrición	Descrición	Descrición	Descrición
Elaboración do xogo de mesa: deseño da estratexia, das regras e do taboleiro sobre o que xogar.	Lectura das normas de xogo de diferentes xogos de mesa e debate sobre a posible estratexia e normas para o xogo que están a crear.	Elaboración dun texto escrito coa estratexia e normas de xogo.	Consultar diferentes libros de texto de Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO e páxinas web e elaborar unha lista cos aparellos e os sistemas que van a ilustrar o taboleiro.	Facer debuxos mudos, rotular e colorear os aparellos e sistemas do corpo humano e compoñer o taboleiro con estas ilustracións e demais elementos necesarios para o xogo.
Criterios de avaliación:	Contidos:	Contidos:	Contidos:	Contidos:
BX-B1.3., BX-B3.14., BX-B3.18., BX-B3.20., BX-B3.22., BX-B3.25., BX-B6.4.,	BX-B1.4.(3º), BX-B6.3.(3º),	BX-B1.4.(3º), BX-B6.3.(3º),	BX-B1.4.(3º), BX-B6.3.(3º),	BX-B1.5.(3º), BX-B3.14.(3º), BX-B3.23.(3º), BX-B3.25.(3º),
Estándares de aprendizaxe:				

3º-BXB1.3.1., 3º-BXB3.14.1., 3º-BXB3.18.2., 3º-BXB3.20.1., 3º-BXB3.22.1., 3º-BXB3.25.1., 3º-BXB6.4.1.,				
Modelos de pensamento	Modelos de ensinanza	Recursos didácticos	Agrupamentos	Escenarios e tempos
Creativo, reflexivo, deliberativo, práctico e analítico.	Cognitivo-constructivo.Social: cooperativo.	Instrucións de distintos xogos de mesa.Libros de texto de Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO.Libros de consulta de Anatomía Ordenadores con acceso a internet.Cartulinas, rotuladores, cores e outros materiais funxibles.	Equipos colaborativos de catro alumnos/as. Se asignan os roles de coordinador/a, secretario/a, portavoz e encargado/a de organización.	Todas as sesións se levarán a cabo na biblioteca do centro por cuestións de índole organizativa (mesas de gran tamaño para traballar en equipo e acceso a materiais de consulta).Adicaránse dúas sesións de 50 minutos á semana durante o segundo trimestre.
Reflexivo, analítico, lóxico, práctico, sistémico, analóxico, deliberativo, crítico e creativo	Conductual-instructivo, cognitivo-constructivo, social: cooperativo, dialóxico, personal-individual			

Actividade 2	Exercicio 2.1	Exercicio 2.2	Exercicio 2.3	Exercicio 2.4	Exercicio 2.5	Exercicio 2.6
Descrición:	Descrición	Descrición	Descrición	Descrición	Descrición	Descrición
Elaboración das cuestións e probas que, en forma de tarxeta, constituirán os elementos máis importantes do xogo. Estas estarán relacionadas coa anatomía e fisioloxía humana, así como coas enfermidades asociadas aos diferentes aparellos e sistemas do noso corpo.	Lectura individual dos contidos teóricos a traballar en cada sesión.	Elaboración das cuestións sobre anatomía e fisioloxía dos diferentes aparellos e sistemas empregando a técnica de "lapis ao centro".	Elaboración das cuestións sobre enfermidade asociadas aos diferentes sistemas e aparellos empregando a técnica de "lapis ao centro".	Elaboración das probas sobre os diferentes sistemas e aparellos empregando a técnica de "lapis ao centro".	Clasificar as cuestións e probas elaboradas en función do seu grado de dificultade en "Baixo", "Medio" e "Alto".	Confección das tarxetas coas cuestións e probas que formarán parte do xogo.
Criterios de avaliación:	Contidos:	Contidos:	Contidos:	Contidos:	Contidos:	Contidos:
BX-B 1.1, BX-B1.3., BX-B3.15., BX-B3.16., BX-B3.17, BX-B3.18., BX-B3.19, BX-B3.20., BX-B3.22., BX-B3.23., BX-B3.24., BX-B3.25., BX-B3.26., BX-B3.27., BX-B6.4.,	BX-B3.15.(3º), BX-B3.16.(3º), BX-B3.17.(3º), BX-B3.18.(3º), BX-B3.19.(3º), BX-B3.20.(3º), BX-B3.21.(3º), BX-B3.23.(3º), BX-B3.24.(3º), BX-B3.26.(3º), BX-B3.27.	BX-B1.1.(3º), BX-B3.15.(3º), BX-B3.17.(3º), BX-B3.18.(3º), BX-B3.21.(3º), BX-B3.23.(3º), BX-B3.26.(3º),	BX-B1.1.(3º), BX-B3.16.(3º), BX-B3.20.(3º), BX-B3.21.(3º), BX-B3.24.(3º), BX-B3.28.(3º),		BX-B1.4.(3º),	BX-B1.5.(3º), BX-B6.3.(3º),
Estándares de aprendizaxe:						

3º-BXB1.1.1., 3º-BXB1.3.1., 3º-BXB3.15.1., 3º-BXB3.16.1., 3º-BXB3.17.1., 3º-BXB3.18.1., 3º-BXB3.18.2., 3º-BXB3.18.3., 3º-BXB3.19.1., 3º-BXB3.20.1., 3º-BXB3.22.1., 3º-BXB3.23.1., 3º-BXB3.24.1., 3º-BXB3.25.1., 3º-BXB3.26.1., 3º-BXB3.26.2., 3º-BXB3.27.1., 3º-BXB3.27.2., 3º-BXB6.4.1.,	<table><tr><td>(3º), BX-B3.28.(3º),</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>					(3º), BX-B3.28.(3º),					
	(3º), BX-B3.28.(3º),										
Modelos de pensamento	Modelos de ensinanza	Recursos didácticos	Agrupamentos	Escenarios e tempos							
Creativo, reflexivo, deliberativo, práctico e analítico.	Cognitivo-construtivo.Social: cooperativo.	Libros de texto de Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO. Libros de consulta de Anatomía.Ordenadores con acceso a internet.Cartulinas, rotuladores, cores e outros materiais funxibles.	Equipos colaborativos de catro alumnos/as. Se asignan os roles de coordinador/a, secretario/a, portavoz e encargado/a de organización.	Todas as sesións se levarán a cabo na biblioteca do centro por cuestións de índole organizativa (mesas de gran tamaño para traballar en equipo e acceso a materiais de consulta). Adicaránse dúas sesións de 50 minutos á semana durante o segundo trimestre.							
Reflexivo, analítico, lóxico, práctico, sistémico, analóxico, deliberativo, crítico e creativo	Conductual-instructivo, cognitivo-constructivo, social: cooperativo, dialóxico, personal-individual										

3.- AVALIACION:

Non tódolos elementos indicados na concreción curricular anterior serán avaliados nesta UDI, porque serán avaliados noutros momentos do curso, de seguido explicitamos aqueles se avalían e as ferramentas para dita avaliación.

Criterio de avaliación	Estándares	Aspectos a observar para a avaliación descriptores	Competencias Clave	Instrumento de avaliación
------------------------	------------	---	-----------------------	------------------------------

3.1- RÚBRICA:

Os seguintes aspectos serán avaliados mediante unha rúbrica

Criterio de avaliación	Estándares	A	B	C	D	Competencias Clave
BX-B 1.1	3º-BXB1.1.1. - Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	Comprende case todos os conceptos científicos e exprésase empregando unha terminoloxía científica moi axeitada.	Comprende a maioría dos conceptos científicos e exprésase empregando unha terminoloxía científica axeitada.	Comprende de xeito limitado os conceptos científicos e exprésase empregando unha terminoloxía científica básica.	Non comprende os conceptos científicos básicos e fai un uso incorrecto deles.	CCL CMCCT
BX-B1.3.	3º-BXB1.3.1. - Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	Se esmera moito en coidar e manter ordeado o material de traballo.	Coida e mantén bastante ordeado o material de traballo.	Intenta coidar e ordear o material de traballo aínda que non sempre o consegue porque non é moi curioso.	Non coida nen ordear o material de traballo.	CMCCT CSC
BX-B6.4.	3º-BXB6.4.1. - Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Participa activamente no traballo en grupo e fai aportacións persoais valiosas. Axuda aos seus compañeiros/as de grupo.	Participa activamente no traballo en grupo e fai aportacións propias. O seu comportamento axuda á cohesión do grupo.	Participa no traballo en grupo, aínda que fai poucas aportacións propias. Non ten conflitos cos compañeiros/as.	É pouco participativo e só cumpre coa súa función cando o está observando a profesora. O seu comportamento crea tensións no grupo.	CAA CMCCT CSC CSIEE

3.2- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:


Os seguintes aspectos teranse en conta para a avaliación da práctica docente

Indicadores e aspectos a avaliar	Reflexións tra-la posta en práctica	Proposta de mellora
O produto social relevante contitúe un elemento motivador para o proceso de aprendizaxe do alumnado.	<text:line-break />Unha vez concluída a UDI e a partir dos datos da enquisa que se lle pasou ao alumnado, podo concluir que:<text:line-break />A UDI aumentou a motivación do alumnado.As actividades e exercicios levaron a acadar o produto social relevante.Os recursos materiais e temporais foron axeitados (agás nun dos tres grupos que, a causa de festivos, folgas..., perdeu varias sesións e tivo problemas de tempo para a conclusión da tarefa).<text:line-break />Sen embargo:A docente non xestionou de xeito satisfactorio o traballo cooperativo. A falta de experiencia nesta metodoloxía e de pautas claras fixo que o alumnado tendese ao traballo individual dentro de cada equipo.Non se integrou ben ao alumnado con adaptacións curriculares significativas. <text:line-break />Só o 42% do alumnado cre que aprendeu dun xeito satisfactorio, outro 42% pensa que aprendeu menos que se recibisen clases tradicionais e o resto pensa quen non aprendeu. Isto me fai cuestionar o éxito do traballo realizado. <text:line-break />	- Actividades e exercicios con instrucións máis claras e detalladas.- Traballar máis as dinámicas de equipo co fin de mellorar o traballo cooperativo (pode facerse coa axuda do titor/a).- Definir o rol a desempeñar do alumnado ANEAE coa axuda do departamento de orientación.<text:line-break />- Intercalar algunha clase teórica ao longo da UDI.
A descripción das actividades e dos exercicios é clara e conducen a acadar o produto social relevante.		
O desenvolvemento da UDI leva á adquisición dos estándares de aprendizaxe programados.		
Os recursos materiais e temporais empregados son axeitados para a realización da UDI na súa totalidade.		
A docente xestiona adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado.		
A UDI permite unha atención educativa personalizada e unha aprendizaxe inclusiva do alumnado NEAE.		

4.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR:

Participación das familias	Divulgación social da tarefa	Colaboración de recursos externos e comunidade escolar
Non se contempla.	Non se contempla.	Colaboración coa biblioteca para facer unha competición cos xogos de mesa elaborados.

5.- MAPA CONCEPTUAL DE RELACIÓNS ENTRE TAREFA, ACTIVIDADES E EXERCICIOS



6 - ANEXO RESUMO CURRICULAR

Estas son as relacións curriculares traballadas nesta UDI: obxectivo – contido – criterio de avaliación – CC - estándares

Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C.	Estándares
3º	BX	a, b, c		BX-B6.4.-Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE	3º-BXB6.4.1.-Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
3º	BX	b, f, g	BX-B1.4.-Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. BX-B1.5.-Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	BX-B1.3.-Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	CSIEE CMCCT CAA	3º-BXB1.3.1.-Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.
3º	BX	f, m		BX-B3.14.-Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	CMCCT	3º-BXB3.14.1.-Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
3º	BX	f, m	BX-B3.14.-Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	BX-B3.15.-Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	CMCCT	3º-BXB3.15.1.-Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
3º	BX	f, m	BX-B3.15.-Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	BX-B3.16.-Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	CMCCT	3º-BXB3.16.1.-Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
3º	BX	f, m	BX-B3.16.-Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.	BX-B3.17.-Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas.	CMCCT	3º-BXB3.17.1.-Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.
3º	BX	f, m	BX-B3.17.-Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino. BX-B3.18.-Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.	BX-B3.18.-Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	CMCCT	3º-BXB3.18.1.-Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación. 3º-BXB3.18.2.-Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso. 3º-BXB3.18.3.-Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.
3º	BX	f, m	BX-B3.19.-Coordinación e sistema nervioso: organización e función. BX-B3.20.-Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.	BX-B3.19.-Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	CMCCT CSC	3º-BXB3.19.1.-Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.
3º	BX	f, m	BX-B3.21.-Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais	BX-B3.20.-Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa	CMCCT	3º-BXB3.20.1.-Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa

			alteracións.	función.		función.
3º	BX	f, m	BX-B3.23.-Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	BX-B3.23.-Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	CMCCT	3º-BXB3.23.1.-Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.
3º	BX	f, m	BX-B3.24.-Factores de risco e prevención das lesións.	BX-B3.24.-Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se preveñen.	CSC CAA	3º-BXB3.24.1.-Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.
3º	BX	f, m	BX-B3.25.-Reproducción humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.	BX-B3.25.-Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	CMCCT	3º-BXB3.25.1.-Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
3º	BX	f, m	BX-B3.26.-Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto.	BX-B3.26.-Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	CMCCT	3º-BXB3.26.1.-Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación. 3º-BXB3.26.2.-Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto
3º	BX	f, m	BX-B3.27.-Análise dos métodos anticonceptivos. BX-B3.28.-Doenzas de transmisión sexual: prevención.	BX-B3.27.-Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.	CMCCT CSC CCEC	3º-BXB3.27.1.-Discrimina os métodos de anticoncepción humana. 3º-BXB3.27.2.-Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
3º	BX	f		BX-B3.22.-Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.	CMCCT	3º-BXB3.22.1.-Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
3º	BX	h, o	BX-B1.1.-O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	BX-B 1.1.-Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	CCL CMCCT	3º-BXB1.1.1.-Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.